



CONTOS EN REDE


Outono é tempo de xuntanzas a carón do lume para escoitarmos os contos que, de xeración en xeración, veñen transmitíndose en lingua galega. Contos novos e vellos, cheos de intriga ou de humor, é precisamente o que nos achega a nova actividade de FalaRedes, que se ha desenvolver ao longo dos meses de outubro e novembro en 30 entidades (27 municipios e 3 mancomunidades) da Rede de Dinamización Lingüística (RDL).

Os contadores Ana Carreira, Inacio Vilariño e Santi Prego serán os encargados de levar adiante estes contacontos para público de calquera idade. 'Contos en rede' é a terceira actividade do programa FalaRedes na súa edición de 2015, e ponse en marcha con tres obxectivos principais: incentivar o uso do galego oral como ferramenta de creación artística, incrementar a oferta de actividade cultural en lingua galega e máis espallar o traballo dos artistas que realizan as súas actividades na lingua propia de Galicia.

A listaxe de obxectivos pasa, ademais, pola necesidade de impulsar os espazos en galego destinados ao tempo de lecer, darlle unha maior visibilidade á lingua galega nas entidades pertencentes á RDL, activar o seu uso e progresar na sensibilización social a prol do galego. Non menos importante é a necesidade de visibilizar a acción dinamizadora en espazos públicos, darlle un pulo a artistas e dinamizadores galegos e favorecer a incorporación da lingua propia de Galicia á programación das actividades realizadas nos concellos.

A entrada será libre e de balde ata completar a capacidade das salas.

Toda a información sobre o programa está dispoñible en <http://ir.gl/6d02> e nas redes sociais.



CONTOS EN REDE

OUTUBRO

- Sábado 10: **Carballedo**, no Salón de Actos do Concello, ás 20:00 h
Zas, no Auditorio de Baio, ás 21:30 h
- Domingo 11: **A Lama**, na Casa do Pobo, ás 17:30 h
Mondariz, no Centro Social, ás 19:00 h
- Venres 16: **Carral**, no Centro Administrativo de Uso Social Toñito Espiñeira, ás 21:00 h
- Sábado 17: **Viana do Bolo**, na Casa da Cultura, ás 20:00 h
A Cañiza, no Auditorio da Casa da Cultura, ás 20:00 h
- Sábado 24: **Salceda de Caselas**, no Auditorio Municipal, ás 20:00 h
San Cristovo de Cea, no Edificio Multiúsos, ás 20:00 h
Barro, no salón de actos da Biblioteca, ás 21:00 h
- Domingo 25: **Cabana de Bergantiños**, no Centro de Recursos Íntegro, ás 19:00 h
Castrelo de Miño, no Salón de actos do Concello, ás 19:00 h
Castro Caldelas, no Salón Nobre do Concello, ás 20:00 h
- Venres 30: **Ponte Caldelas**, no Centro Cultural, ás 20:30 h
- Sábado 31: **Pereiro de Aguiar**, no Centro de Día dos Gozos, ás 20:00 h

NOVEMBRO

- Sábado 7: **Corcubión** (en colaboración coa Mancomunidade de Fisterra), na Casa da Cultura, ás 20:00 h
Valga, no Auditorio Municipal, ás 21:00 h
- Domingo 8: **Outes**, na Casa da Cultura, ás 19:30 h
- Sábado 14: **Arzúa**, no recinto feiral Terra do Queixo, ás 19:30 h
Cuntis, no centro sociocultural e xuvenil Xosé Raído Patelas, ás 20:00 h
Rois, no Edificio Multiúsos, ás 20:00 h
- Domingo 15: **Outeiro de Rei**, na Casa da Cultura, ás 19:00 h
Vilaboa, na Casa da Cultura de Riomaior, ás 19:00 h
- Domingo 22: **Palas de Rei**, na Casa da Cultura, ás 20:00h
- Venres 27: **A Baña**, no Centro Social, ás 20:00h
Val do Dubra, na Casa da Cultura, ás 22:00 h
- Sábado 28: **Quiroga**, na Casa da Cultura, ás 19:00 h
Ordes (en colaboración coa Mancomunidade de Concellos da Comarca de Ordes), na Casa da Cultura, ás 20:30 h
- Domingo 29: **Boiro** (en colaboración coa Mancomunidade Ría de Arousa-Zona Norte), na Casa da Cultura, ás 19:00 h
Cotobade, na aula de usos múltiples do IES de Cotobade, ás 19:30 h